



comunidades educativas virtuais

# Guía metodolóxica

|   |                                          |    |
|---|------------------------------------------|----|
| ■ | Introdución                              | 3  |
| ■ | Que é Agueiro                            | 4  |
| ■ | Diferencias entre Agueiro e Moodle       | 6  |
| ■ | Que aporta o uso de e-Portfolios         | 7  |
| ■ | Para que serve Agueiro                   | 8  |
| ■ | Agueiro favorece a autonomía do alumno   | 9  |
| ■ | Traballando con Agueiro, en 7 pasos      | 10 |
| ■ | 1. Elaborar un plan de traballo          | 10 |
| ■ | 2. Analizar o plan de traballo           | 10 |
| ■ | 3. Documentarse e informarse             | 11 |
| ■ | 4. Realizar as tarefas propostas         | 11 |
| ■ | 5. Elaborar a páxina do alumno           | 12 |
| ■ | 6. Avaliación do profesor                | 12 |
| ■ | 7. Reflexionar sobre o aprendizaxe       | 13 |
| ■ | Como avaliar o traballo do alumno        | 14 |
| ■ | A rúbrica como instrumento de avaliación | 15 |
| ■ | Exemplo de rúbrica                       | 16 |

O obxectivo principal desta “**Guía metodolóxica de Agueiro**” é o de servir como referencia inicial e básica para todos aqueles usuarios que se achegan por primeira vez a unha plataforma de **e-Portfolios** (portafolios dixitais) e de **comunidades educativas virtuais**.

Polo tanto, esta guía **non é un manual de usuario** de Agueiro, senón que simplemente pretendemos mostrar as liñas básicas que poderán servir como guía inicial para a organización do traballo do profesor e do alumno nunha plataforma como **Agueiro**, explicando tamén algúns dos conceptos básicos e comúnmente aceptados en canto ao uso dos e-Portfolios na educación.

A plataforma **Agueiro** pode ser usada desde moitos e diferentes enfoques metodolóxicos, polo que nesta guía unicamente explicaremos a metodoloxía máis básica para poder comenzar a traballar con **Agueiro** desde o punto de vista dos portafolios dixitais e as comunidades educativas virtuais.

**Agueiro** é unha plataforma en liña que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (**AMTEGA**) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ofrecen aos centros educativos galegos como ferramenta para poder crear a súa propia comunidade educativa virtual onde poderá participar todo o profesorado e alumnado do propio centro.

**Agueiro** está baseado no software “Mahara”, unha aplicación web de software libre para a xestión de e-Portfolios e redes sociais educativas.

Agueiro combina as funcionalidades de comunidade educativa virtual, portafolio dixital educativo e espazo persoal de almacenamento na nube.

Todos os profesores/as dos centros educativos de Galicia que dispoñan dunha conta de correo “[usuario@edu.xunta.es](mailto:usuario@edu.xunta.es)” poden acceder directamente a **Agueiro** introducindo as súas credenciais persoais.

Para poder dar de alta aos seus alumnos, o centro educativo debe dispoñer da súa propia **comunidade educativa virtual** dentro de Agueiro.

## e-Portfolio ou portafolio dixital

Colección de documentos ou contidos que poden ser mostrados como evidencias do proceso de aprendizaxe e os logros dun alumno.

## Comunidade educativa virtual

Grupos de persoas con roles claramente definidos dentro da propia comunidade, que interectúan entre sí para un mesmo fin educativo e pedagógico.

## Espazo persoal na nube

Espazo persoal e privado para o almacenamento de elementos e contidos dixitais, coa posibilidade de compartilos con outras persoas.

**Agueiro** é unha plataforma que proporciona un entorno virtual de aprendizaxe moi diferente a outros entornos como **Moodle**, aínda que estas diferencias non implican que sexan incompatibles senón que incluso poden chegar a ser complementarios.

e-Portfolio

## Moodle


- Centrado nos cursos/contidos.
- Os cursos definen a estrutura.
- O alumno recibe cualificacións.
- Os contidos son visibles dentro dos cursos para todos os usuarios matriculados.
- As relacións entre usuarios enmárcanse dentro dos cursos.

## Agueiro

- Centrado no usuario.
- Orgánico, non estruturado.
- Non hai cualificacións.
- Cada usuario crea os seus propios contidos e decide sobre a súa visibilidade.
- Cada usuario determina as súas propias relacións cos demais.

O uso dos portafolios dixitais na educación introduce e reforza varios aspectos moi importantes no proceso de aprendizaxe dos alumnos:

- Fomenta a **autonomía do alumno** no seu aprendizaxe.
- **Responsabiliza ao alumno** do seu propio proceso formativo.
- Obriga ao alumno a **reflexionar** sobre o que aprende e cómo o aprende.
- Potencia o desenvolvemento de **destrezas colaborativas** por parte dos alumnos cos seus compañeiros.
- Desenvolve a capacidade do alumno para **resolver problemas en situacións novas**.



Cando os alumnos traballan cun sistema de e-Portfolios como **Agueiro**, realizan todo o seu traballo de forma autónoma seguindo as directrices marcadas polos seus profesores, de maneira que cada alumno debe asumir desde o principio que él será o máximo responsable do seu propio traballo.

O traballo con **Agueiro** fomenta a auto-disciplina, xa que os alumnos deberán ser suficientemente disciplinados como para facer o traballo que lles corresponde en cada momento sen deixar que se acumule.

Cando se trata de traballo colaborativo ou traballo en grupo, a dinámica propia do funcionamento de **Agueiro** tamén potencia a colaboración entre os usuarios para acadar un fin común.

A asignación de tarefas e os plans de traballo personalizados axudan a desenvolver a honestidade do alumno á hora de realizar o seu traballo.

1

## Elaborar un plan de traballo

O profesor elabora unha **páxina** que posteriormente compartirá cos seus alumnos. Esta páxina contén o **plan de traballo**.

- Plan de traballo
- Obxectivo xeral
- Tarefas nas que se divide o plan
- Temporalización e prazos
- Documentos, contidos, enlaces ..
- Outras fontes de información

2

## Analizar o plan de traballo

Os alumnos, individualmente ou en grupo, analizan o **plan de traballo** proposto:

- Consultan as dúbidas
- Interiorizan o obxectivo xeral
- Entenden cada unha das tarefas
- Asimilan a temporalización
- Verifican os contidos propostos
- Comproban as ferramentas

3

## Documentarse e informarse

Os alumnos comencian a consultar a documentación e os contidos propostos polo profesor para este *plan de traballo*.

O alumno preguntará ao seu profesor todo o que non entenda ou aquilo para o que necesite unha aclaración.

4

## Realizar as tarefas propostas

Os alumnos realizan todas as *tarefas* nas que se divide o plan de traballo.

Cada tarefa realizada producirá como resultado unha ou varias *evidencias* que serán a proba do traballo e da competencia do alumno.

5

## Elaborar a páxina do alumno

Cada alumno crea a súa propia **páxina**, onde irá incorporando todas as **evidencias** resultantes do seu traballo.

No caso dun traballo colaborativo, crearase unha páxina de grupo onde cada alumno incorporará as súas **evidencias**.

6

## Avaliación do profesor

Os alumnos comparten as súas **páxinas** co seu profesor, para que éste poida valorar e avaliar o seu traballo.

No caso dun traballo de grupo, o profesor valorará tanto o traballo colaborativo como o traballo individual de cada alumno.

7

## Reflexionar sobre o aprendizaxe

Durante todo o proceso de aprendizaxe anterior o alumno experimentará diversas circunstancias:

- xurdiranlle dificultades que deberá resolver.
- aprenderá moitas cousas novas.
- comprenderá facilmente algunhas cousas, pero outras non.
- descubrirá relacións entre o que aprende e o entorno que o rodea.
- aprenderá a traballar dunha maneira diferente.
- aprenderá a manexar ferramentas novas.

O alumno irá anotando no seu **blog persoal** todas estas experiencias a modo de **reflexión** sobre elas, polo menos unha vez en cada **plan de traballo**.

Todo o traballo do alumno será avaliable e ademáis en todo momento:

- A realización das *tarefas* no momento que lles corresponde e coa duración asignada.
- O uso das ferramentas que se lles propoñen aos alumnos.
- As *evidencias* que os alumnos seleccionan para incorporar ás súas páxinas.
- A reflexión persoal que fai alumno e a súa propia autoavaliación.
- A avaliación que fai cada alumno sobre o traballo dos demais compañeiros.
- Os debates nos foros, as mensaxes enviadas e recibidas, as consultas ...

O traballo con **Agueiro** proporciónalles aos profesores multitude de elementos para poder realizar unha valoración obxectiva e unha avaliación completa do proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumnos.

Un dos instrumentos de avaliación máis utilizados en sistemas de e-portfolio é a **rúbrica**.

Unha **rúbrica** é un conxunto de criterios e de estándares, normalmente relacionados cos obxectivos do aprendizaxe, que se utiliza para avaliar un nivel de competencia ou o grao de consecución dunha determinada tarefa.


As **rúbricas** permiten estandarizar a avaliación de acordo con criterios específicos, facendo esta avaliación máis simple e transparente.

Básicamente, unha rúbrica é un **cadro de dobre entrada** no que se expresa de forma explícita o seguinte:

- **Eixe vertical** (cabeceira das filas). Os aspectos que se avaliarán e darán constancia da calidade da tarefa
- **Eixe horizontal** (cabeceiras das columnas). As valoracións que se asignarán aos diferentes niveis de consecución.

Nas celdas de intersección entre as categorías a avaliar e as valoracións, indícanse as características que deberá ter a tarefa para merecer a valoración correspondente.

|               | Excelente                                                                                        | Ben                                                                                      | Regular                                                                                       | Deficiente                                                                   |
|---------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|
| Requisitos    | Cumple todos os requisitos e incluso excede as expectativas.                                     | Cumple todos os requisitos.                                                              | Non cumple satisfactoriamente con algún requisito.                                            | Varios requisitos non se cumplen satisfactoriamente.                         |
| Contidos      | Cubre todos os temas en profundidade con detalles e exemplos. O coñecemento do tema é excelente. | Inclúe coñecemento básico sobre o tema. O contido parece ser bastante bo.                | Inclúe a información básica sobre o tema, pero ten algún erro.                                | O contido é mínimo e presenta varios erros.                                  |
| Organización  | Contido ben organizado usando adecuadamente os elementos de clasificación.                       | Usa elementos de clasificación e organización pero o conxunto aparenta certo desorde.    | A maior parte do contido está organizado.                                                     | A organización non é clara ou non é lóxica. Demasiadas partes sen organizar. |
| Orixinalidade | O resultado demostra gran orixinalidade. As ideas son creativas e inxeniosas.                    | O resultado demostra certa orixinalidade. O traballo demostra perspicacia e novas ideas. | Usa ideas de outros, recoñecendo aos autores, pero case non hai evidencias de ideas orixinais | Usa ideas de outros e non recoñece aos autores.                              |



**XUNTA  
DE GALICIA**